

RESUMO DO ANO 2022

A Consellería de Economía, Industria e Innovación ofrece, a través de XesGalicia, unha serie de instrumentos de apoio que teñen como finalidade facilitar a creación e a consolidación de empresas en Galicia para:

- Facilitar servizos e axudas para crear novas empresas.
- Promover o crecemento.
- Impulsar a mellora da competitividade
- Promover a internacionalización das compañías existentes.

Neste sentido, XesGalicia xestionaba ao peche de 2022 unha sociedade de capital risco (Sodiga Galicia) e catro fondos de investimento de tipo pechado: Galicia Compite, Galicia Innova Tech, Galicia Iniciativas Emprendedoras e Diante 2000.

Durante os últimos exercicios, XesGalicia ten orientada a súa actividade cara a iniciativas empresariais vinculadas ao emprendemento e á innovación, sen deixar de atender os proxectos de crecemento ou reforzamento en empresas xa consolidadas en Galicia.

Así, durante o ano 2022 aprobáronse 10 novos proxectos de investimento, en sectores como a biotecnoloxía, a nova mobilidade, o sector aeroespacial ou pertencentes ao sector primario, acadando un volume de aprobación en ditos investimentos superior aos 16 millóns de euros.

De entre os proxectos aprobados, están empresas innovadoras como Oncostellae, IFFE Biotech e Bioflytech. No caso particular desta última, o investimento en forma de capital aprobado por XesGalicia, por importe de 1M€, resultou complementado cun préstamo por parte do Igape por 2,1 millóns de euros, servindo ambas as dúas operacións como ferramenta para acadar unha mobilización total de fondos superior aos 18 millóns. Desta forma, poderán financiarse as novas instalacións da empresa no concello de Palas de Rei (Lugo), nas que se producirá proteína e graxa de insecto de alto valor nutricional para o seu uso como ingrediente de pensos para a alimentación animal, principalmente acuicultura e *petfood*, ofrecendo así unha solución ao crecemento da demanda de proteína no mercado de forma ambientalmente sostible.

De xeito adicional, autorizouse o refinanciamento de operacións previamente formalizadas por importe superior aos 4 millóns de euros, o que dá mostra do compromiso co tecido empresarial galego e coas súas necesidades.

Ademais, moitos dos proxectos financiados beneficiáronse dos servizos achegados pola rede galega de aceleradoras de apoio ao emprendemento impulsada pola Xunta de Galicia, tal e como sería o acceso a espazos de traballo, asesoramento de titores e mentores ou o acceso a socios industriais.

Neste sentido, entre os programas de emprendemento financiados por XesGalicia destacarían os seguintes:

- Business Factory Auto (BFAuto), orientado a apoiar iniciativas especializadas en automoción.
- Business Factory Food (BFFood), enfocado a iniciativas especializadas no sector alimentario.
- Business Factory Aero (BFAero), deseñado para colaborar con empresas innovadoras dentro da cadea de valor do sector aeroespacial galego.
- Business Factory Medicines (BFMedicines), centrado no desenvolvemento de novos fármacos contra o cancro e na consolidación dun ecosistema biotecnolóxico próximo aos pacientes.

Adicionalmente, XesGalicia impulsa o ecosistema de emprendemento mediante a colaboración con outros fondos de orixe e xestión privada, que complementan e fortalecen as posibilidades de acceso ao financiamento en favor das empresas de base innovadora e tecnolóxica galegas.

Baixo este contexto, a Xunta de Galicia, a través de XesGalicia, puxo en marcha a súa estratexia de fondo de fondos, dotada con 11 millóns de euros e coa que se pretende triplicar a mobilización dos fondos achegados, ata un importe de arredor dos 33 millóns de euros. O obxectivo é colaborar con xestoras privadas de capital risco para acompañar ás empresas á hora de transformar a economía galega, impulsando o ecosistema de startups en Galicia, o emprendemento e a innovación, ao tempo que se promove o retorno de talento.

Mediante esta iniciativa -deseñada seguindo as recomendacións do Comité de expertos económicos encargado de asesorar á Xunta de Galicia sobre como minimizar o impacto da crise derivada da covid-19 e preparar a recuperación económica-, XesGalicia leva achegado ata o peche do ano 2022 un importe superior a 7,6 millóns de euros (do total de 11 millóns de euros comprometidos), acadando coma resultado investimentos en favor de empresas galegas ou radicadas no noso territorio por un volume de case o dobre.

O ANO 2022 EN CIFRAS

O exercicio 2022 estivo marcado principalmente polos impactos derivados do conflito bélico en Ucraína, a alza do prezos da enerxía e en xeral pola elevada inflación, elementos que xeraron incerteza e un forte impacto na economía global no seu conxunto.

A pesar dos factores mencionados, e da persistencia da elevada incerteza, XesGalicia e a súas entidades e fondos xestionados manteñen una posición patrimonial forte e solvente:

Patrimonio neto (en miles de euros)

ENTIDADE XESTORA	
XESGALICIA	10.377
SOCIEDADE XESTIONADA	
SODIGA	46.645
FONDOS XESTIONADOS	
GALICIA COMPITE	123.301
GALICIA INNOVA TECH	20.607
GALICIA INICIATIVAS EMPRENDEDORAS	6.979
ADIANTE 2000	7.413
TOTAL	215.322

Durante os exercicios 2022 e 2021, o detalle de resultados acadados foron os seguintes:

Resultado neto (en miles de euros)

ENTIDADE XESTORA	
XESGALICIA	+ 699
SOCIEDADE XESTIONADA	
SODIGA	+ 509
FONDOS XESTIONADOS	
GALICIA COMPITE	- 616
GALICIA INNOVA TECH	- 143
GALICIA INICIATIVAS EMPRENDEDORAS	- 544
ADIANTE 2000	+ 276

Neste sentido, en termos agregados, obsérvase unha evolución favorable nos resultados acadados por XesGalicia e as súas entidades xestionadas, entre outras cuestións, grazas á execución de determinadas operacións de venda e á evolución da carteira de entidades participadas e/ou financiadas, manténdose un relevante compromiso inversor e confirmándose a fortaleza das empresas participadas.

PERSPECTIVAS PARA O ANO 2023

Durante o ano 2023 XesGalicia manterá as súas estratexias previas de investimento, centradas no reforzo dos fondos propios das compañías investidas, así como no financiamento do emprendemento empresarial galego, prevalecendo a actividade de procura e análise de novos investimentos nos fondos de máis recente creación.

Neste sentido, XesGalicia, mediante tres eixos de actuación orientados cara ás startups, os emprendedores e diversas medidas transversais, impulsará e reforzará o emprendemento en Galicia, con especial atención aos proxectos iniciados no eido rural e aos liderados por mulleres. É por iso que se prevé unha intensa actividade investidora dos instrumentos xestionados por XesGalicia ao longo dos exercicios 2023 e 2024.

En total, ao peche do ano 2022, XesGalicia xestiona unha carteira total de 150 proxectos activos, e conta con fondos suficientes para acometer un ambicioso programa de investimentos en Galicia.

ENTIDADES XESTIONADAS

Entidade xestionada	Obxecto
Sodiga Galicia	Mantén como obxectivo a execución de investimentos dirixidos a empresas con alto potencial de crecemento e con incidencia significativa na economía galega.
Galicia Compite	Fondo dedicado a empresas de nova creación e á consolidación de proxectos empresariais.
Galicia Innova Tech	Centrado na creación e desenvolvemento de empresas capaces de liderar o crecemento económico do sector tecnolóxico e biotecnolóxico en Galicia e que contén con proxectos innovadores en fase de expansión e/ou consolidación.
Galicia Iniciativas Emprendedoras	Este fondo diríxese ao financiamento de empresas de recente creación, de iniciativa individual e ao apoio ás aceleradoras de empresas.
Adiante 2000	XesGalicia tamén conta con este fondo actualmente en proceso de liquidación. Con orixe nas actuacións levadas a cabo no devandito proceso de liquidación, ao longo do ano 2021 (principalmente) e 2022 acadáronse diversas recuperacións de posicións previamente consideradas como dúbidas.